

As cartas enriba da mesa

Antes de comezar este breve curso, hai unha serie de cuestións que cómpre deixar claras:

CURSO PREPARATORIO

2º de Bacharelato é un curso enfocado a preparar unha proba, por tanto, é unha carreira de fondo. A única forma de obter bos resultados é aprendendo como se debe realizar dita proba e tentando facer as cousas por ti mesmo/a. Podes trampear unha proba, podes trampear un trimestre e mesmo podes trampear o curso; porén, as PAU falarán por si soas.

A LABOR DOCENTE

O meu obxectivo é axudavos a sacar unha boa nota na PAU e para iso teño que indicavos en que fallades e como podedes melloralo. Persoalmente, considero que para que melloredes é imprescindible que creades en min como preparador.

A AUTOCRÍTICA

A única forma de mellorar é identificar os erros e corrixilos. Ao longo do curso recibiredes comentarios negativos (e tamén positivos) co obxectivo de que vaiades mellorando o voso nivel. É importante que poñades en valor os comentarios negativos e os asumades como parte do proceso. Nalgunhas ocasión resultaravos frustrante mais, se analizades os vosos erros, melloraredes moito.

O OBXECTIVO

Neste curso o obxectivo é adquirir competencias e destrezas e saber escribir e demostrar que dominas a lingua e os conceptos. Se colocades o foco na memorización pode que vos sirva para unha proba concreta, mais non chegaredes á PAU cunha boa preparación.

AS PROBAS

Todas as probas serán tipo PAU, por tanto, todas terán un enfoque competencial. A memorización de conceptos apenas ten relevancia no total da nota xa que o exame, fundamentalmente, baséase en identificar e analizar textos. Deixa a chapatoria e tenta mellorar as túas habilidades lingüísticas.

Consellos do profesor

APROVEITA AS AULAS

Tedes bastante asimilado que as aulas non serven para nada e que poderíades sacar o curso sen a necesidade do profesor/a. Eu, pola contra, véxoo doutra maneira: se aproveitades as aulas ao máximo seguramente non teñas que dedicarlle tanto tempo na casa e podes seguir facendo ese deporte que tanto adoras ou pasando tempo de calidade cos teus amigos e amigas.

ENTENDE

Este punto está moi relacionado co anterior. Aproveita as aulas para entender o que estás a facer, para preguntar dúbidas e mesmo para cuestionar o que digo. Que non entendes o que é unha pasiva reflexa? Pregunta! Estamos no mesmo barco e que a ti che vaia ben para min é positivo.

ENTREGA COUSAS

Cada certo tempo faremos simulacros puntuábeis na clase, con todo, vós poderdes preparar e entregar para corrixir todo o que precisardes. Se vos custan os resumos? Facede resumos. Que non sabedes como enfocar os comentarios? Facede comentarios e entregádemos para corrixir ou quedade comigo nalgún recreo para perfilar cousas.

TRABALLA DESDE O ERRO

Aproveita os comentarios e as correccións para mellorar. Case todos os anos teño algunha alumna ou alumno que comete o mesmo erro en todos os exames do curso. Por que pasa isto? Entón, para que serve un exame? Que sentido ten facer unha proba?

REFORZA

Non sabes por onde tirar e precisas máis de min? Tranquilidade! Todas as semanas vou gardar un recreo para facer traballo de ampliación co alumnado que o precisar. Nese tempo poderemos practicar ou comentar calquera cuestión que vos fixer falta.

Consellos do alumnado

Prepara ben a pregunta 1, é onde se pode obter unha maior puntuación sen ter que memorizar ningunha información.

Atende na aula e tenta comprender, chapar non serve de moito con Javi.

Estudar por esquemas, xa que se sabes redactar, con saber o importante e chaparte os contextos xa está.

Eu tamén pensaba que Galego era máis teoría que práctica, pero non. Nos exames que menos estudei foi nos que mellores resultados obtiven.